



Ola!
Son O Avó

Aquí tes algúns datos
curiosos sobre min



1. Teño 250 anos

2. Cando eu aínda era moza fun testemuña dun dos eventos máis recoñecidos da historia de Santiago: o Banquete de Conxo, unha comida na que estudantes universitarios, considerados de clase alta, serviron a obreiros e artesáns nun xesto subversivo que buscaba reivindicar a igualdade entre clases.

3. Mido 30 metros de altura e o meu tronco case mide 4 metros de diámetro.

4. No bosque chegamos a ser máis dun milleiro de carballos, dos que na actualidade sobrevivimos menos de medio centenar debido especialmente aos danos provocados polos incendios forestais.

5. Son tan maior e tan bela que acabo de gañar o recoñecemento de Árbore Española 2022. Agora (febreiro 2022) estou a competir por ser a mellor Árbore Europea.

BOSQUE

Banquete de Conxo

CiberCaixa Mallos A Coruña



Responde estas preguntas sobre min:

1. Cantos anos teño?

2. Que ocorreu no banquete que organizaron os estudantes en 1856?

3. Canto mido de alto?

4. Cal é o diámetro do meu tronco?

5. Cantos carballos chegou a ter o bosque onde vivo? Cantos ten na actualidade?

6. Di se é verdadeira ou falsa esta afirmación que eu fixen: "Acabo de gañar o recoñecemento de Árbore Española 2022 e agora estou a competir por ser a mellor Árbore Europea".